

Bo Nadal desde BiblioAgra

Para gozar nestas
festas de Nadal

Blog: biblioagra.wordpress.com

 @Biblioagra

 bibliotecaagra




Para Ler

Os arquivos secretos de Escarlatina.

Ledicia Costas / Xerais / 2017

Algúns dos misterios que ficaron sen resolver en *Escarlatina, a cociñeira defunta* (2014) e *Esmeraldina, a pequena defunta* (2016) aparecen agora desvelados. O libro recolle narracións do día a día no alén acompañadas de xogos, receitas terroríficas, trucos para asustar persoas vivas e curiosidades sobre a “vida” de Escarlatina e o seu grupo de amigos e de amigas.



La petite marchande de rêves

Maxence Fermine/Michel Lafon
editions / 2012

Tres contos nun. O autor confesa ter escrito este libro despois de escoitar o relato dun soño dunha das súas fillas.

O día en que cumpre once anos, Malo, o protagonista, cae no río Sena aspirado por un tobogán. Cando abre os ollos, descobre un mundo en branco e negro. Acaba de penetrar no Reino das Sombras...


“Cando alguén desaparece por primeira vez, está a soñar. A segunda, xa non. A terceira, non se vive máis que nos soños da xente que coñecemos”.

Un libro de emocións e sorpresas para xente nova, e xente non tan nova.

Adiós María

Xoana Torres / Galaxia / 1971


A novela trata da historia de María ou Maxa, unha rapaza viguesa, filla dun traballador botado ao paro que se ve obrigado a emigrar a Francia en compañía da súa muller. Maxa fica como a cabeza de familia ao cargo do seu avó enfermo e dos seus irmáns. É un “*agudo retrato psicológico dunha mociña que se enfrenta a unha crise que sobrepasa o seu drama persoal.*”



Ladrillos y Mortales

Tom Wilkinson/ Ariel / 2017

Os edificios, modestos ou ostentosos, que construímos non só configuran a nosa paisaxe exterior, senón tamén as nosas almas: non podemos habitar sen nos habituar. Unha soa pregunta inquietante atravesa todo este libro: se a arquitectura expresa e encarna a relación de forzas que articulan o mundo da vida en que actuamos, ¿non nos enfrenta, como toda manifestación de poder fai, á necesidade de decidir entre o colaboracionismo e a resistencia?



El rastro brillante del caracol

Gemma Lienas/ Planeta / 2014

Sam ten 16 anos e síndrome de Asperger, unha forma lixeira de autismo. É un crac dos ordenadores, pero ten poucos amigos e cóstalle interactuar cos demais na vida cotiá. Un día coñece a Martina e o seu mundo muda. Gustalle moito pero non sabe cómo acercarse a ela, e ao pouco tempo descobre que un acosador está poñendoa en grave perigo. Sam terá que esforzarse moito para superar as súas limitacións se quere axudala e desenmascarar ao culpable.



22 segundos

Eva Mejuto / Xerais / 2017

Relata en primeira persoa anacos da infancia e adolescencia dun mozo transexual que, desde os primeiros anos, sabe sen poñerlle etiquetas que a súa identidade de xénero non coincide co sexo que lle asignaron ao nacer.



Ovella descarreirada

Marilar Aleixandre/Xerais / 2014

Este libro contén 33 poemas sobre unha ovella descarreirada, un polvo no garaxe...

Un libro que debe ser lido en voz alta.



A pel do mundo


Berta Dávila / Galaxia / 2017

Este libro de poemas é unha viaxe. Preparémonos para coñecer persoas, sabores, línguas, costumes, palabras e formas de vida.

Bacterias, bichos y otros amigos

David González Jara / Ariel / 2016

Asombrosa historia de como convertemos as bacterias e outros organismos nunha entusiasta clase traballadora ao servizo do ser humano. Escrito con sentido do humor e ironía, o autor introdúcenos no mundo das bacterias e enfráscase nunha loita contra os falsos mitos arredor da química.



Para Ver e Escoitar

Bande de filles

Céline Sciamma/2015

Marieme vive os seus 16 anos como unha sucesión de prohibicións: A censura do barrio do extrarradio, a lei dos rapaces masculinos e o seu fracaso escolar. O seu encontro con tres rapazas libres cámbiao todo. Bailan, pelexan, falan en alto, rin de todo. Marieme entra a formar parte desa pandilla informal, para vivir a súa mocidade, sorteando perigos e tabús.

Segundo o diario Libération, o filme de Sciamma é “o magnífico retrato de certa mocidade de Francia”. Catro actrices moi novas dirixidas por unha muller, sen dúbida unha das directoras de “cine de autor” máis interesantes da súa xeración. (*Tomboy* é outra obra súa).



Los Limoneros

Eran Riklis/2008


O conflito palestino-israelí serve de transfundo a este drama. Salma, una viúva palestina, ten un litixio co ministro de defensa israelí. A casa deste, na fronteira palestino-israelí, linda co seu campo de limoeiros. Cando as autoridades deciden que as árbores deben ser tallados porque representan una ameaza para o ministro de defensa e a súa familia, Salma decide emprender unha batalla legal para salvar os seus limoeiros.

Con sinxela elegancia Eran Riklis apréndenos que cando a relación de forzas é tan brutalmente desigual e a situación do feble tan desesperada, as consideracións morais ao uso resultan tan vanas e desapropiadas como pretender describir a talla dun bosque conxugando o verbo podar.

Yo Robot

Alex Proyas / 2004

Baseada no libro de Isaac Asimov. Chicago, ano 203. Vivimos en completa harmonía con robots intelixentes. Cociñan para nós, conducen os nosos avións, coidan dos nosos fillos e confiamos plenamente neles debido a que se rexen polas Tres Leis da Robótica que nos protexen de calquera dano. De súpeto un robot vese implicado no crime dun brillante científico e o detective Del Spooner (Will Smith) queda ao cargo da investigación.



I Am Not Your Negro

Raoul Peck / 2017

Documental baseado nun texto inacabado de James Baldwin.

James Baldwin foi un activista a prol dos dereitos dos afroamericanos. Este documental está baseado no seu libro inacabado *Remember This House* onde fai un percorrido da loita contra o racismo en EEUU tomando como base a vida dos líderes afroamericanos Martin Luther King, Malcolm X e Medgar Evers.

Matar a un ruiseñor

Robert Mulligan / 1962

Adaptación da novela de Harper Lee. Na época da Gran Depresión, nunha poboación sureña, Atticus Finch (Gregory Peck) é un avogado que defende un home negro acusado de violar a unha muller branca. Malia a inocencia do home que resulta evidente, o veredicto do xurado é tan previsible que ningún avogado aceptaría o caso, agás Atticus.





Haberá Primavera

Cesar Morán/ Galaxia /2011

Libro-Cd

O músico César Morán interpreta catorce poemas de Álvaro Cunqueiro.

“Música e literatura da man dun libro-disco acompañado da derradeira entrevista de Álvaro Cunqueiro” que o propio César Morán lle realizou.



Opoñerse á extinción

Sés/ Folmusica /2016

Cd

4º album oficial con carácter reivindicativo contra todo o establecido. Conxunto de cancións onde a diversidade está presente. Unha reflexión sobre a posibilidade de coherencia.

Banda deseñada




O pobre tolo, Titoán, Máis alá!, Atila.

Inacio e Iván Suárez/Demo Editorial/
2011

Biografía de Castelao presentada en banda
deseñada.

Os deseñadores Inacio e Iván Suárez achéganse á vida de Castelao a través da banda deseñada con esta colección de catro libros centrados na mocidade de Castelao, na súa vivencia da emigración e do exilio, na súa visión da guerra civil e na organización da loita para impedir o golpe de estado franquista. A través dos cadriños vivimos intensamente xunto con Castelao episodios significativos da súa biografía e achegámonos dun modo diferente a unha figura fundamental para a cultura galega.



Valerosas

Pénélope Bagieu/Dibbuks / 2017

Quince retratos de quince mulleres
imparables que reinventaron o seu destino
e mudaron o noso.